

BASES DO XXXIV CERTAME LITERARIO DO EXCMO. CONCELLO DE VILALBA 2008

O Concello de Vilalba, co afán de estimular a creación poética convoca o XXXIV Certame Literario.

PRIMEIRA.

Este concurso consta de dous premios:

Primeiro premio: 3000 euros, flor natural e diploma.

Segundo premio: 1000 euros, flor natural e diploma.

SEGUNDA.

Poderán concorrer ao certame todos os autores que o desexen, calquera que sexa a súa nacionalidade, sempre que presenten as súas obras en lingua galega.

TERCEIRA.

Os poemas serán orixinais e inéditos, escritos en galego, non premiados noutros concursos en datas anteriores ao fallo do xurado. O incumprimento dalgunha destas condicións nas obras premiadas significaría a anulación das adxudicacións, procedendo o xurado a formular de novo as propostas de adxudicación ou declarando deserto o premio.

CUARTA.

Tanto o tema como a extensión e o metro dos traballos serán libres.

QUINTA.

Deberán presentar 5 orixinais por cada obra en tamaño DIN A4 mecanografados a dobre espazo.

SEXTA.

Todos os traballos han de presentarse acompañados dun sobre pechado ou plica facendo constar o lema que distinga o traballo. No interior figurarán os datos persoais, enderezo e teléfono do autor ou

autora, así como unha biografía del, e unha declaración formal de que a obra é inédita.

SÉTIMA.

Todos os traballos que concorran ao Certame Literario serán dirixidos ao Concello de Vilalba, Praza da Constitución núm. 1 27800 Vilalba (Lugo), facendo constar no exterior do sobre "**Para o Certame Literario**".

O prazo de admisión de orixinais remata o día 18/07/2008, considerándose incluídas neste prazo as obras que enviadas por correo ostenten o selo de orixe con esta ou unha data anterior.

OITAVA.

O ditame do xurado darase a coñecer o día 22/08/2008, a través dos distintos medios de comunicación. A entrega de premios efectuarase nun magno acto que terá lugar en Vilalba o día 30 de agosto, coincidindo co comezo das festas de San Ramón e Santa María 2008 e, de ser posible, asistirán os autores/as premiados/as ou unha persoa que os represente.

O xurado estará composto por persoas de recoñecido prestixio no ámbito literario. A súa composición será dada a coñecer xunto coa emisión do resultado.

No caso de que as obras presentadas non acadasen o nivel esixible a xuízo do xurado para a obtención dos premios ou non tivesen a categoría suficiente, poderán declararse desertos.

NOVENA.

As obras non premiadas serán destruídas xunto coas súas plicas, non admitíndose peticións de devolución.

DÉCIMA.

O fallo do xurado é inapelable, os concursantes aceptan integramente estas bases así como cantas decisións adopte o Concello de Vilalba para que estas poidan ser interpretadas e aplicadas.

SEXTA.

Todos os traballos han de presentarse acompañados dun sobre pechado cun plica facendo constar o lema que distinga o traballo. No interior figurarán os datos persoais do autor e o título da obra.